

# **Circuíto ProTenis Patrocinado por Gadis Pontevedra (Febreiro 2017) Recreo Cultural**

Clausurada a proba do Circuíto ProTenis Recreo Cultural patrocinada por Gadis, realizada este sábado, día 18 de febreiro, nas instalacións do Recreo Cultural da Estrada, e organizada pola Escola de tenis Marcos Vilasánchez.

A proba contou con un total de 33 participantes, repartidos do seguinte xeito:

Nivel 1 (Minitenis): 15 participantes

Nivel 2 (3/4): 13 participantes

Nivel 3 (Pista completa): 5 participantes

Todos estes rapaces e rapazas practicaron o seu tenis na pistas de caucho sintético do Recreo Cultural.

O tempo non acompañou demasiado, pero por sorte contamos coas pistas cubertas, puidemos desenrolar todo con normalidade. Deste xeito, pais e demais asistentes puidemos ver tódolos partidos que se disputaron ben gardados da choiva.

De 4 da tarde a 6 xogaron os seus partidos os participantes de nivel 1 e 2. Todos disputaron varios partidos individuais, con resultados moi axustados e con puntos de gran nivel. A última media hora adicouse a facer un torneo paralelo de dobres, co obxectivo de que os rapaces se relacionaran e se coñeceran. Isto foi moi positivo porque fomentou a participación e aumentou a diversión.

Todos os participantes contaron con auga e froita para repoñerse do esforzo dos seus partidos, e cando chegou o momento da merendola e da entrega de medallas todos tiveron un comportamento exemplar. Todos parecían un gran grupo, facilitando que todo transcorrese con normalidade e entre risas. Exemplo disto é que os rapaces deleitáronos na merendola cunha sesión de chistes como se do Club da Comedia se tratase.

De 6 a 8:00 foi o quenda para os de pista completa. O espectáculo tamén foi digno de ver, con vitorias de todos e partidos disputados. O nivel foi moi moi bo.

O club que máis tenistas aportou a esta edición foi o Recreo Cultural da Estrada, cun total de 10 participantes. Tamén hai que destacar que outros 7 participantes proviñan da Escola Municipal da Estrada, levada pola Escola de Tenis Marcos Vilasánchez.

Todo este evento non sería posible de non contar co apoio, tanto loxístico como de material, da Federación Galega de Tenis, das pistas do Recreo Cultural da Estrada e, por suposto, do patrocinador deste gran evento, Gadis.

En definitiva, moitas gracias a todos os participantes polo seu excelente comportamento e ganas de pásalo ben practicando este magnífico deporte; moitas gracias ós pais e familiares por facilitar a organización e colaborar con nós; e moitas gracias a Federación Galega de Tenis, ao Recreo Cultural da Estrada e a Escola de Tenis Marcos Vilasánchez, e por suposto o noso patrocinador, Gadis. Esperamos volver a vervos a todos pronto!!

Crónica de Miguel Sánchez